


LE THÉÂTRE DU MONDE

盲盒





Elena Agrelo

Índice

<i>Editorial</i>	2
<i>O noso club de lectura</i>	3
<i>Teatro en Lugo</i>	4
<i>Caderno de bitácora</i>	5
<i>Entroido 2008</i>	8
<i>Como encher un vaso de auga</i>	10
<i>Actividades</i>	12
<i>Era unha paranoia</i>	17
<i>Enquisa sobre usos lingüísticos</i>	18
<i>Saída do club de lectura</i>	20
<i>Frases do ano</i>	22
<i>Voyage à Paris</i>	24
<i>Era un rapaz moi guapo e moi boa xente</i>	26
<i>A bolboreta Pispireta</i>	27
<i>Fin de semana en Lugo</i>	31
<i>Semana nas Sinas</i>	34
<i>Relatos gañadores do Concurso de Microrrelatos Bo-Bo..</i>	41
<i>Relatos gañadores do Concurso En Cal das letras</i>	44


EDITORIAL

Que din os rumorosos...? Pois que van dicir, que xa se oe o ruxir dos motores, estamos preparados para a nova viaxe. Nós viaxamos en lingua e non queremos que nos supriman paradas, queremos manter todas as estacións e as “portas” abertas, queremos que na nosa lingua-motorizada-que-ruxe suba cada vez máis xente.


No décimo percorrido, xa chegando á meta-fin de curso, queremos repasar o álbum que fixemos con vosco ao longo da viaxe: retrátamonos en París, dende a altura de Eiffel baixamos en esquí ata Andorra e de alí, polo Camiño de Santiago, viñemos para facer noite en Samos e refrescámonos de mañanciña coa auga das Sinas. Como no *Divino Sainete* en cada vagón-papilagustativa disfrutamos dos sabores: que se recital de Mala Herba, que se charla de Sechu Sende, que se regueifa de Pinto... todos os sabores están no noso tren-lingua. E co estómago sempre cheo eh?: *Caldeiradas de letras* para todos. Pero houbo privilexios, é certo: sabe-

mos que algúns e algunhas disfrutaron de billete preferente, eran do club, e por iso viaxaron a miles de lugares fantásticos subidos no vagón-delectura.

Os nosos motores non se apaguen, nós non imos deixar que se apaguen, porque somos moitos os que queremos que trens coma o noso enchan os camiños de ferro de todo o país, queremos camiños de palabras, camiños de músicas, camiños de poesía... porque temos dereito a que o noso tren-lingua colla a velocidade do ave e xa dunha vez vivirmos en galego.



CLUB DE LECTURA: ¡ESCALDAsletras



Estabamos un día na aula de usos múltiples dando clase de música cando alguén petou na porta. “Peter” entrou e chamou por algúns de nós. Sacounos fóra da clase e preguntounos se queriamos formar parte dun club de lectura que organizaba o instituto. A verdade é que non estabamos moi convencidos, pero ó final aceptamos. Agora non nos arrepentimos en absoluto, pasámolo xenial. Cada mes fixamos un día no recreo para reunirnos na aula multimedia. Entre os libros dispoñibles cada un escolle o que máis lle gusta. Despois, na próxima reunión expoñemos ante os rapaces de primeiro de ESO e do noso curso a opinión sobre o libro que lemos. Alí tamén están Pedro, Pepe e Ana para escoitarnos.

O club de lectura tamén organiza excursións. Aínda non hai moito que fomos á biblioteca “Forum” da Coruña, onde asistimos á proxección dun filme, *Persépolis*, que falaba das dificultades das mulleres en Irán. Penso que nos gustou a todos. Foi unha das mellores excursións que tivemos porque, entre outras cousas, coñecemos unhas rapazas de 1º de bacharelato moi divertidas. Rimos a cachón durante todo o camiño con Alba, Nerea e Antía e as súas parodias cos camioneiros.

En resumo, na nosa opinión


(e creo que tamén na de todos os rapaces e rapazas do club), é un bo método para coñecer xente e axudarnos a ler libros de forma divertida.

Ah... e saúdos a Jean...XDDD

Ó resto, se queredes saber máis de nós podedes botar unha visual no noso blog:

<http://iescaldasletras.nireblog.com/>

Jose, Carlota, Alba e Carla, 2ºESO alfa.



Teatro en Lugo

O 6 de marzo, os de cultura clásica de 4º de ESO e algúns de Bacharelato, fomos con Celia e Loli a ver dúas obras no Festival de Teatro Grecolatino de Lugo, que estaban interpretadas por rapaces e profesores de dous colexios galegos.

Sáímos ás 9 de Caldas e ó chegar, sobre as doce da mañá, vimos a primeira obra, *As Troianas* de Eurípides. É unha traxედia, porque Troia estaba totalmente destruída, por culpa de moitos problemas. Pero o que máis mágoa nos deu, foi cando mataron ó fillo de Andrómaca, un rapaciño pequeno moi simpático. En realidade, para ser unha traxედia non nos deu moita pena...porque había un rapaz que facía de muller e dicía: "ay de nosotras". Aínda rimos un bo cacho.

Ó mediodía fomos comer; aínda que nos custou dar cun bo sitio, atopamos o mellor. Co-



memos moi ben e pasámolo mellor aínda.

Ás catro da tarde vimos a segunda obra, chamada *As Nubes*, de Aristófanes. Esta xa era unha comedia, pero que comedia... Rimos e ata choramos co riso, porque Estrepstades, un home moi vulgar e porcalheiro, pediulle axuda a Sócrates para que ensinara ao seu fillo Fidípedes, un rapaz moi "pijo" que dicía: "jopetas, papi". Ademais despois apareceu a razón xusta e a razón inxusta, aí si que xa non podíamos máis, aínda que algunhas rapazas choraban máis que de alegría, porque quedaron namoradas do profesor chamado "Razón Inxusta". Ó final ata foron sacar unha foto con el!

Ademais de ir ó teatro, tamén visitamos as murallas de Lugo. Estivemos vagando un bo anaco por elas ata que nos cansamos e baixamos polas primeiras escaleiras que atopamos, porque se non chegabamos tarde á segunda obra. Vimos que estaban en moi bo estado para os anos que teñen e descubrimos algún que outro segredo que agochan, pero non volos imos contar, porque son secretos...

Pasámolo de medo, e logo a teremos que repetir!

Andrea — 4º ESO

Caderno de bitácora

Realizamos este traballo para a materia de Lingua galega. A actividade consistía en en estar falando durante unha semana en galego e ir apuntando as nosas experiencias, opinións e pensamentos. Todo isto tiñámolo que anotar nun caderno que chamamos *O caderno de bitácora*. Despois fixemos grupos de catro (en cada un había un galego-falante e tres castelán-falantes), coas nosas experiencias fixemos unha posta en común. Estas son as nosas conclusións:

A situación político-social que viviu Galicia hai uns 40-50 anos, onde as clases influentes, a educación e toda

a documentación administrativa estaba unicamente en castelán, le-

vounos a unha situación de menosprezo cara á nosa lingua.

Antigamente nas zonas rurais

(aínda que agora tamén segue a pasar) era o único contorno onde se falaba o galego, xa que nas cidades estaba mal visto o seu uso. Os nosos pais, procedentes de aldeas próximas ao núcleo urbano, aprenderon o galego na casa, xa que era a lingua que se empregaba na familia. Porén só se usaba a nivel falado, porque o ensino era en castelán, por iso lles resulta difícil lelo.

É complicado de entender o motivo que tiveron os nosos pais e nais para falarnos en castelán dende cativos, xa que falan galego coa familia e cos maiores e porén con nós exprésanse en castelán.

A maioría de nós falamos en castelán habitualmente, non por vergonza ou por menosprezar o galego, senón por estar acostumados ao seu uso, xa que se nos falan en galego contestamos en galego, aínda que nos custa atopar as pala-



bras axeitadas. Tamén notamos un grande cambio cando chegamos ao IES, pois case todas as materias eran en galego, mentres que no centro anterior só dabamos nesta lingua Coñecemento e Lingua galega.


Os ámbitos onde máis se emprega o galego son: no contorno familiar, entre os maiores e na administración, xa que no resto de situacións case se usa en exclusiva o castelán.

Nós, os galegos, na nosa vida cotiá estamos todo o día a recibir mensaxes en castelán: cando estamos a mirar a televisión, cando lemos un periódico ou mesmo cando buscamos información en internet. Tamén é verdade que hai periódicos, programas de televisión e páxinas en galego, pero moito menos, por exemplo, na TVG non hai nada para os mozos de trece a vinte e cinco anos, este tipo de medios vai dirixido a un público máis ben adulto ou infantil; así mesmo buscar unha información na rede que veña en galego é practica-

mente imposible, pois as poucas páxinas que hai non falan do que nos mandan buscar na escola, así o mellor que podes facer é buscar a información en castelán e logo traducila ti, o que che leva o dobre de tempo que se o fixeses en castelán.

Tamén hai que ter en conta a influencia do ambiente

no que un se move, dado que hai compañeiros que, a pesar de que na casa lles falen en galego, como o seu grupo de amigos fala en castelán, eles tamén o fan. Por outro lado notamos que ao estar en contacto con ga-



lego-falantes e como todo o ensino está en galego, cada vez resúltanos máis sinxelo expresarnos nesta lingua. Aínda que hai rapaces/as que seguen a pensar que o uso do castelán lles dá máis "categoría", rexeitando de fronte o uso do galego. Parece que os galego-falantes son máis tolerantes co emprego doutras linguas, non lle dan tanta importancia á lingua que se use, mentres que os castelán-falantes son máis intransixentes, como eles falan castelán queren que os que falan con eles tamén o empreguen.

Son poucas as persoas que na actualidade utilizan o galego normativo, só o fan os profesores, algúns políticos e aqueles que están interesados en falar correctamente. A maioría dos galego-falantes empregan un galego non normativo, cheo de castelanismos que os nosos maiores, (que foron os que nos transmitiron esta lingua) incorporaron pouco a pouco. Por exemplo, palabras tan sinxelas como *fiestra*, *tixola*, *garfo*, *parafuso*, *vasoira*... case non se usan no noso medio, senón que se empregan os castelanismos correspondentes; porén, ao falarmos cos nosos maiores sobre o tema comprobamos que eles aínda as recordan.



O futuro da nosa lingua está nas nosas mans, no uso que lle deamos no día a día, e sobre todo na transmisión que fagamos dela. É moi difícil cambiar os costumes e como sempre nos falaron en castelán seranos complicado empregar o galego a cotío. Supoñemos que dentro duns anos influirá en nós o contorno laboral e debemos aproveitar estas situacións para acercarnos un pouco máis á nosa lingua. Tamén debemos evitar cometer os mesmos "erros" que cometeron nosos pais e o día de mañá tratar de falar en galego cos nosos fillos xa que só se os cativos o empregan garantiremos a súa continuidade.

Noelia González, Alba Parga, César Piñeiro e David Seage
2º ESO Beta














ENTROIDO 2008 - 4ºESO

Tódolos anos queremos participar no entroido do instituto, pero ó final nunca o facemos. Este ano foi moi diferente...disfrázámonos dos profesores. Den-
de que empezamos a preparar todo pasámolo de medo, e máis aínda cando desfilamos, porque montamos unha festa criminal no medio do corredor. Acabou bailando toda a clase e moitos profesores. Foi a bomba, será inesquecible. Algúns parecíanse moitísimo ó profesor/a que imitaban, quedounos de medo...Pero sabes de certo a que profesores imitabamos?




Andrea Losada






COMO ENCHER UN VASO DE AUGA



Para encher un vaso de auga, como non, primeiro hai que ter un vaso e despois auga. O vaso, vaíse a "cadena cien" e cómprase. É aconsellable mercar un paquetiño deses, deses que veñen catro xuntos; un que vén roto, outro estalado e outro que rompes coa rabia... só queda un.

Para a auga, vaíse ó supermercado e cómprase unha botella, máis grande ou máis pequena, depende da sede que teñas. O de mercala é por se vives nun concello coma o de Caldas de Reis no que abres a billa e sae unha cousa non potable, de cor marrón e cun olor raro.



Ó chegar á casa bótase a auga da botella nunha xerra de cristal, para que quede máis bonitiña ela. Ponse o vaso sobrevivente enriba da mesa. Espérase a que chegue alguén con sede, que bote a auga e... Vas ti, poste a correr coma un condenado, cólleslle o vaso, bebes a auga e escapas a correr.


David Seage - 2ºESO Beta






Eu, para encher un vaso de auga teño un truco. Abro a billa (que por certo é ben fermosa), ten unha cor prateada moi, pero que moi brillante. Colocouna o fontaneiro. Esa billa ten historia. Cando nola viñeron colocar non apousentaba ben e houbo que facer un monte de cousas. Tamén ten dúas cores, unha vermella e outra azul. Eu, cando era pequena non sabía para que servían esas cores. Agora xa o sei. A vermella é para a auga quente e a azul para a auga fría.

Na casa de miña tía deben ter mal a billa porque na cor vermella sae auga fría e na cor azul sae auga quente.




Ben, pois como xa dixen, teño un truco: primeiro abro a billa e deixo a auga correr por se sae auga quente, logo poño o vaso debaixo e déixoo encher; finalmente bebo a auga e cando acabo collo o vaso e métoo no fregadoiro.

Ana M^a Piñeiro — 2º ESO Beta



Cando teño sede vou ó armario que hai enriba do fregadoiro da miña casa. Alí hai tres estantes de cor prateada, na de arriba están as taciñas para o café e abaixo os pratos de comida. No medio están os vasos. Hai moita variedade de vasos, están os normais e os pequenos. Teño moitísima sede e entón collo o vaso grande. Doulle á billa da auga fría.

Cando me aseguro de que a auga está realmente fría, poño o vaso debaixo da billa para enchelo e pouco a pouco vai-se enchendo. Finalmente, cando o vaso está cheo, béboa.



Jenifer Simaes — 2º ESO Beta




Actividades



Visita ó Hospital Psiquiátrico de Conxo. Na foto, o doutor Tortajada, xefe de servizo, na charla de benvinda ó grupo de socioloxía e ciencias políticas. 11 de abril.



Obradoiros de lectura de imaxe publicitaria. Abril.





Sesi3ns de traballo cooperativo para debate sobre discriminaci3n en BACH. 3, 4 e 5 de marzo.



Saída terap3utica para a prevenci3n das drogodependencias. Os Internos, o educador, a psic3loga e a pedagoga charlan c@as alumn@s no sal3n de actos . 25 de abril.



Homenaxe a Gloria Cabelos. Proxecto educativo DLECEK. Karaoke na Residencia de Maiores. 29 de marzo.



Proxecto Palabras en liberdade IV en 1º BACH.

Xornada formativa do Plan de Mellora da Calidade. 12 de decembro de 2007.





Concerto de musica tradicional polo grupo Mala Herba. 3º ESO-1ºBach. Semana das Letras Galegas

Pinto de Herbón e Luís Caruncho no obradoiro de regueifas. Semana das Letras. 2º e 3º ESO



Visita do escritor Sechu Sende

O martes día 13 de maio, visitou o instituto o escritor Sechu Sende para falarnos do seu libro *Made in Galiza*. Tres cursos escoitamos a conferencia na que nos explicou o significado do seu libro, co cal pretende que todos comecemos a falar galego. Leunos unha historia moi divertida que non puxera no libro polo conflictivo que era o tema. Por falta de tempo non puidemos ver a súa práctica de hipnose para facernos falar o noso idioma pero, aínda así, foi unha visita extraordinaria dun gran escritor. Senén, 1º Bach B




Obradoiro de “Masks”

Os días 13 de maio, 21 e 23 realizamos no noso instituto un obradoiro de “Masks”, no cal os alumnos e alumnas de Plástica de 4º de ESO se converteron en artistas plástic@s coa axuda inestimable da escultora e pintora Jo Redpath. Nesta actividade cada un de nós tiña a oportunidade de facer unha máscara. Os materiais? Ben simple...co que atopamos pola casa abundou. O que importa é a imaxinación e orixinalidade.

Elena, 4º ESO

ERA 1 PRENHO



Cristina Janza Barreira

Adiado a... o tempo. Porque esta moi raro.



Morto. ¿Feliz?

Estaban de prenda




Enquisa sobre usos lingüísticos


Un ano máis, como veñen facendo dende hai 18 anos, o departamento de Lingua Galega e Literatura e mais o Equipo de Normalización Lingüística realizaron a enquisa de usos lingüísticos no noso centro.

A enquisa ten como obxectivo medir dous aspectos relacionados co uso das linguas: a transmisión xeracional que se está a dar en relación co galego e o nivel de uso no centro.

O galego segue a ser a lingua maioritaria entre o alumnado (o 60% utiliza o galego como lingua habitual na súa casa). Porén, a lingua galega ten problemas á hora de pasar dunha xeración a outra: o 92% dos avós/avoas do alumnado tiña como lingua propia o galego; á hora de transmitirllelo ós seus fillos/as perdeuse un 16%; pero cando estes tiveron que transmitirllelo ós seus (o alumnado do centro) volveuse perder outro 16%. É dicir, en dúas xeracións perdeuse máis de un terzo de falantes.


No que respecta á situación no centro, o sector que menos usa o galego, como vén sendo habitual, é o do profesorado. Entre os alumnos e alumnas a lingua que predomina é o galego (60%).





Datos totais

Saída do Club de Lectura




O conto é que o outro día @s rapazas/ces do club de lectura fomos á biblioteca Forum da Coruña.

Alí ensináronnos a biblioteca con todo o que nos ofrece: as salas infantil e de adultos, acceso a Internet, servizo de ofimática, diversas actividades e programas, etc.

Na sala infantil, á parte de mostrárnola e ver como lla ensinaban a un grupo de rapaces pequenos, contáronnos un conto, ben, mellor dito contáronllelo ós rapaces pequenos e nós como estabamos por alí, quedamos a escoitalo; a verdade é que a rapaza que o contou tiña unha voz magnífica.

Despois do conto, leváronnos á aula con acceso a Internet, onde nos ensinaron a buscar calquera documento que houbera na biblioteca, tamén nos mostraron o seu club de lectura e explicáronnos como funcionaba, dunha maneira distinta ó noso.





Tras a visita á biblioteca, leváronnos á praza de María Pita, onde nos "cebaron" para que fóssemos comer. Despois dese tempo de lecer, onde cadaquén andou á súa bóla, volvémonos xuntar para ir ver unha película, *Persépolis* (cómic que podedes atopar na biblioteca do centro).

Ó rematar a película volvemos para Caldas; o autobús non estivo en silencio nunca, as nosas conversacións trascendentais enchían

no, sobre todo as do fondo do autobús, o fondo sur.

Cómpre mencionar tamén o bo comportamento d@s alumn@s, aínda que uns "animasen" a outros a darse unha mergullada no porto, pero iso non é portarse mal, ¿ou non?

Para concluír, dicirlles ós do club de lectura, que non deixen ese bo vicio que teñen de ler, e ós que non estean nel, animalos a que se apunten, nunca sabes que nova aventura che espera ó abrir un libro, pode ser unha de misterio ou quizais unha de fantasía, elixe a túa próxima aventura e boa viaxe.



FRASES DO ANO

XOSÉ CANDAL:

- Señores, non teñen clase? Entren e calen.
- A calar! Esto que é? Un instituto ou unha feira?

ISABEL VIDÁN:

- Pito, pito, colorito.

JOSÉ ESCUDERO:

- Una "tipa" qué es? La mujer del "típex?

ESTHER BUDIÑO:

- El código lingüísssstiiiiico...
- Aunque me ponga delante, no paráis de hablar... voy a tener que engordar un poquito por delante y otro poquito por detrás...

CARLOS JOSÉ CACHEDA:

- O que avisa non é traidor, senón avisador.
- Pasou o día, pasou a romaría...
- A modiño! De buen rollito, eh!!
- Es que esto me emociona...lo pillas?
- Girar la cabeza 45° en un examen provoca tortícolis y un cero.
- Por qué me estáis pegando en los oídos?

CELIA MORADO:

- Ay...que se me sale una chucha!!

DOLORES MACEIRAS:

- Qué es esto? Una tommadura de pelo?? Bibiana, que te voi a echar...
- Carmen, échate un chisquirritín para allá.
- Diego, aún por encima cantando...ya tenemos un nuevo Pavarotti.

DAVID OUTÓN:

- A anatomía do aparato reprodutor non é moi complexa, porque todo o mundo a conoce...ejem, polo menos a súa!

ALBERTO ABADÍN:

- Andrea, voute cargar, vas ir de cabeza para setembro.
- Síntoo, non se fala comigo directamente.
- Toda información hai que contrastala.

MARÍA (física):

- Y esto sucede por una cosa muy compleja que no voy a explicar en 3º de ESO... pero...sucede porque los átomos...(e explícao).

ALBERTO LUÍS:

- (movendo a man) Miriam, en que mano está el saltamontes??
- Mónica, se che parece berra máis alto, como non se che escoita...

TERESA CARBALLO:

- Non chendo!!
- No seais tramposeros.

-Veña Pepiño...

ANA RIAL:

-Bolígrafo verde!

ÁNGELES GONZÁLEZ:

-Este exercicio é para exame e xa o expliquén.

-En qué idioma hablo yo?

CRISTINA SUÁREZ:

-Alá vós se queredes ser uns analfabetos das matemáticas!

MANUEL ROSALES:

-Por onde iamós...4º é un grupo que me deixa sen palabras...desconcertante!!

PEDRO (música):

-Non me meto co que faga cada un na súa ducha.

MINIA:

-Yo esas cosas me las paso por el forro.

PEPE:

-Pensade cos pelos da cabeza, non cos pelos do cú!

-Joder...non se din palabrotas!

LOIS:

-Machooo...el aula estaba reservada, me la robaste.

O CURA (relixión):

-Somos el equipo pep pep pep, pepsiii!

-(sempre cantando)

Carrrrrmen, Car-
meeeeen, Caaaaaar-
men, Carmmmmmen,
Caaaarmen...



Ana Cristina Feijoo

Voyage à Paris

Foi unha viaxe que me gustou moito. Coñecín a compañeiros do instituto moi simpáticos cos que non falara antes e paseino moi ben.

Os sitios que visitamos eran increíbles (a pesar do tempo que ía e da molladura que apañamos, porque eu paguei a viaxe cunha boa gripe). O sitio que talvez máis me gustou foi o barrio Latino. Visto de noite era fantástico. Había restaurantes de todas as culturas, tendas de regalos... Ademais engadíase a vantaxe de que era de noite, e non hai nada máis bonito que pasear por París de noite, crédeme, cando tamén se pode ver a torre Eiffel iluminada. É alucinante.

Tamén estivo moi ven ver a Catedral de Notre Dame, era



impoñente e a pesar de que eu sinto aversión por todo o que teña que ver coa Igrexa nesa catedral volvería entrar unha e mil veces. O paseo polo río Sena tamén merece unha mención, estivo moi ben e foi unha parte relaxada da viaxe, xa que a maior parte do tempo íamos facendo perna.

O arco de Triunfo e a torre Eiffel, dous sitios que por excelencia hai que visitar cando vas a París eran para min dúas obras arquitectó-

nicas impresionantes. Eu e algúns mais subimos á torre a pé. A verdade é que non era para tanto, pensei que ía ser peor pero in da así...

O que menos me gustou de París foi a súa comida (pasei máis fame có can dun cego) e os prezos, porque vamos, chego a botar un mes alí e quedo arruinada. Á pobre Lucía e algúns outros cobráronlles cinco euros por un café, non digo máis...

Deixando a un lado os monumentos, tamén era bonito o simple feito de pasear polas rúas e ver a cada pouco unha fonte espectacular, ou simplemente ver rúas nas que collía todo Caldas e máis.

Pasámolo tamén xenial no hotel, aínda que Lucía e mais eu quedamos varias veces de porta para fóra e tivemos que cambiar a chave tamén varias veces porque non funcionaba, pero aínda así.

Tamén aproveito para darlle grazas a Rocío, que por ela e polo seu francés puidemos entendernos coa xente.

Non teño nada máis que contar, foi unha viaxe moi agradable e divertida á vez que instrutiva que sen dúbida repetiría.

Alba García—
1ºB



Era un rapaz moi guapo e moi boa xente

A miña vida estaba chea de soidade. Un día coñecino, era un rapaz moi guapo e parecía moi boa xente. Estivemos uns catro anos de mozos ata que un día se lle deu por pedirme para casar e non o pensei dúas veces, díxenlle que si.

O gran día chegou e casamos. Fomos vivir a un piso no que intentaríamos formar unha familia. Instalámonos rapidamente. Algunhas noites, saíamos de troula aínda que ás veces sentíame mal e quedabamos na casa sen importar nada. Díciame:


- Xa sairemos outro día.

Todo o tempo me dicía cousas fermosas pero levaba algún tempo un pouco raro e sempre con mala cara. Un día, como boa esposa, preguntéille que lle pasaba, sen ningunha resposta colleume do brazo e tíroume ó chan. Eu quedei alí tirada e ó cabo dun tempo veu levantarme cun ramo de rosas, entón, de parva, perdoeino. Eu non vía o que me ía pasar.

Pasaron uns meses e parecía que todo se calmara pero volveume pegar, pero desta vez peor. Quedei inconsciente durante un tempo. Ese día tíñalle unha boa noticia, pero non fun capaz, o medo podíame. Os días pasaban e el seguíame pegando, eu non facía nada, o medo era cada vez máis grande. O peor día foi hai uns meses. Chegou á casa cunha pistola apuntando á miña cabeza entón foi baixando a pistola e acabou por dispararme no estómago: matara o noso fillo.

O salón estaba desfeito e había grandes pozas de sangue. Coa pena de ir para a cadea, xa que por min non era, acabou matándose, pero no seu caso foi directamente á cabeza. Morreu no momento. Grazas ó meu veciño acabei no hospital e púidenme recuperar. Dende aquel día vivo con medo.


Leticia Figueiras Muíños, 4º ESO.



Antía Formoso

A Bolboreta
Pispireta

The title is written in a cursive, blue font. It is surrounded by several hand-drawn illustrations: two butterflies with orange wings and black bodies, and five red flowers with black centers.





10

¡Bos días Xan!

Moi ben, ¡grazas!

¿Que tal durmiches?

Acaba de chamar Matias, quere verte cós cinco na fonte da praza.

Tan pronto acabaron de comer, Pispireta foi correndo para o seu cuarto a prepararse moi ben para Matias.

11

¡Xan, ¿que tal me vexo?

¡Ben, entón marcha ADEUS!

Estás moi quapa

¡ADEUS!

Cando Matias a veu quedou impresionado e invítouna a bailar.

12

¿Queres bailar conmigo, Pispireta?

Sí, por suposto!!

13

Púrpurina

Púrpura

Os dous viviron moi felices e tempo que dicir que Pispireta foi a única das amigas, que formou unha familia.


Fin de semana en Lugo

Prestade atención ó que segue porque vou-vos contar a nosa experiencia en Lugo, e relatarei tan detalladamente como me permita a memoria, a nosa fin de semana alí.


Chegamos o venres pola mañá e o autobús deixounos no Cebreiro. O sitio era precioso e ademais estaba nevando. Pasámolo moi ben xogando coa neve e tirando bólas, a pesar do frío ninguén se zafou de recibir algún “bolazo” e se non que llelo digan a Loli e a Pepe...

Visitamos unha palloza moi ben conservada e puidemos entrar a ver como era, o máis incríbel era que se conservara todo en tan boas condicións.

Comemos alí, no Cebreiro, nun bar que estaba moi ben e tamén ben cheo de estranxeiros. Logo visitamos unha igrexa moi bonita. O altar era impresionante e a decoración exquisita. Despois de visitar a aldea marchamos no autobús, que nos deixou tres quilómetros máis abaixo. Dende alí tiñamos que camiñar case dez quilómetros ata



Antía Formoso




Triacastela, lugar onde se atopaba o albergue. O camiño facíase ben (inda que acabamos todos un pouco cansos) e a paisaxe era moi bonita; era sen dúbida, a natureza en todo o seu esplendor. Pero non penseades que todo eran cousas boas, xa que chovía e os camiños estaban totalmente cheos de lama polo que acabamos todos totalmente emporcados de arriba a abaixo.

Unha vez que chegamos a Triacastela tivemos tempo libre ata a hora de durmir, polo que puidemos visitar a aldea e mercar a cea. Era un lugar tranquilo, tanto que ata me daba arrepios. Pero a visión da montaña ergueita coma

un xigante detrás era fantástica, sentíase como unha harmonía especial entre ela e a tranquilidade deste.

O albergue no que durmimos era moi acolledor e claro está que nos portamos coma anxiños. Aínda que seguro que algún que eu sei non vai esquecer certa zapatilla voando ata a súa cara e outras tampouco esquecerán certo insecto ó seu carón.

O sábado pola mañá fomos visitar un tear artesanal alí en Triacastela. Esa parte da visita non me gustou moito pero aínda así teño que dicir que o tear era impresionante. Logo diso fomos comer e pouco despois de acabar emprendemos un novo camiño cara a Samos. Eran case outros dez quilómetros que non todos acolleron cos brazos



abertos, xa que ademais seguía chovendo. Pero alá fomos, polo camiño pasamos por algunha aldea. Pero o que se di aldea, aldea. Das que vas camiñando e ves vacas e porcos, e os camiños están cheos de defecacións de animais. Polo que podedes supoñer que o cheiro non era de todo agradable. Incluso houbo xente que se lamentaba de non ter levado ambientadores... A verdade é que chovendo e vendo aquel panorama eu só podía pensar en que se cheiraba así cando chovía, non quería nin imaxinar o que sería cando fixese sol. Á parte diso todo moi ben, as paisaxes tamén eran fantásticas e visitamos un antigo muíño que me pareceu interesante.

Unha vez chegados a Samos dirixímonos ó mosteiro, que é onde íamos durmir. Por fóra era unha marabilla, toda unha obra arquitectónica. Cando entrei o primeiro no que me fixei foi no xardín, era tan bonito que me pareceu un anaco de edén na Terra. Dentro do mosteiro os corredores eran inmensos e as paredes estaban cheas de pinturas

coma un mural. Polas escaleiras arriba as paredes estaban cheas de cadros, nalgúns casos un pouco tétricos pero sen dúbida interesantes. Pero o mellor foi a cara que nos quedou a todos cando vimos o sitio onde tiñamos que durmir. Eran unha especie de barracóns nos que cada persoa tiña un espazo mínimo, pouco máis dun



metro cadrado.

Non había calefacción e creo que só Pepe e

Nerea tiveron valor para ducharse alí. Eu non me atrevín sequera a ir ó baño.

Non podo resistirme a contar como era a instalación eléctrica: un cable que ía directamente desde un poste que había na rúa ata o enchufe do baño. O cable pasaba pola ventá que estaba aberta. Ademais hai que dicir que o ambiente tenebroso do mosteiro certo profesor empeorábao facendo referencias á película *El nombre de la Rosa* cada dúas por tres. Todo o que vos poida contar é pouco. Iso si, sobra dicir que nos portamos tamén moi ben. Ninguén foi de noite investigar... fixo ruído sen querer... tivo que marchar correndo para que non os pillasen os monxes... ninguén fixo iso porque nós somos uns rapaces responsables.

Durmimos de mala maneira, todos xuntos e tirando os colchóns polo chan. O domingo pola mañá o padre Víctor fíxonos unha visita guiada polo mosteiro explicándonos as pinturas e ensinándonos diferentes estancias, entre elas a biblioteca. Era enorme e tiña unha gran cantidade de libros (hai que dicir que ver o mosteiro polo día non resulta tan interesante coma de noite). Logo fomos ver unha pequena capela que había preto do mosteiro. Con isto acabou a nosa visita e volvemos a Caldas desexando facervos partícipes de todo.

Alba García—1ºB

Semana nas Sinas


LUNS, 5 DE MAIO

Algunhas alumnas e alumnos de primeiro de bacharelato marchamos xusto este día rumbo ás Sinas.


Sáímos da carballeira ás 17.30 e, tras uns escasos 45 minutos de camiño, chegamos ao noso destino: o albergue xuvenil das Sinas. Agardábannos xa alí un grupo de monitores que se dispoñían a implantarnos disciplina dende o primeiro día, claro que a dita orde esperaba que se fose minguando co paso dos días.

Tras o reparto de habitacións, os directores do programa a través dun vídeo, explicábanos en que consistía “Augamar”, que íamos facer, as normas que había que respectar... De seguido, fixemos os grupos (algúns tiveron mellor sorte que outros, pero en fin!, non nos quedaba outro remedio que aguantar o que había); ademais, só teríamos que estar co grupo durante as comidas e determinadas actividades específicas, o resto do tempo poderíamos estar con quen nos prouguese. Despois de ver un segundo vídeo e gozar dun escaso tempo libre fomos cear, pois despois agardaba por nós o que alí chamaban o “Xogo do psiquiátrico”: distintos monitores simulaban estar tolos, e vestíanse de distintas formas... nós, xunto co grupo que cada un tiñamos, debiamos descubrir as verdadeiras identidades dos monitores (estaban relacionadas co mar) e, para iso, para sacar algún tipo de información, había que mimalos, facer o que eles querían... para lograr que bebesen a pócema e descubrir quen se agochaba debaixo dos aparentemente tolos.

Eran as 00.15 e acabábase o noso primeiro



Rubén Simacs



Cristina Janza

día alí. As primeiras impresións, en xeral, non foron de todo boas, pero eu tiña a esperanza de que co paso dos días fose mellorando.

Xa nos barracóns, os monitores mandábanos calar e durmir, aínda que non tod@s estabamos pola labor....

MARTES, 6 DE MAIO

Espértannos a golpe de música. Algunhas aínda vai un anaco que conseguen quedarse a durmir, e xusto no intre menos oportuno, veñen espertarnos.

Só levamos alí un día e xa estamos: cansadas, con dor de cabeza, sen durmir... tan só temos escasos trinta minutos para levantarnos, asearnos, prepararnos e ir almorzar.


Pola mañá non nos imos desprazar, pois temos un obradoiro biolóxico no propio albergue; nel, dannos unha charla sobre algas, cetáceos, e demais animalaiños mariños.

Despois da comida imos facer un roteiro.... Con calor, cansanzo e máis cansanzo é case imposible camiñar!; en cada intre, aproveitabamos para sentar... foi unha longa camiñada onde observamos

e identificamos distintas aves, e estivemos rodeados de aire puro e natureza pero, aínda así, case todos deveciamos por volver ao albergue!!

Como de costume, ás 21.00 ceamos e posteriormente tócanos outra das veladas diarias! Hoxe, trátase da velada dos “Sentidos”, e eu creo que foi, para moitos, a mellor: os xogos consistían en tapar os ollos e ir por distintas estacións facendo uso de determinados sentidos, como o tacto, o olfacto... fixéronnos tomar té, colacao, tocar cremas que daban demasiado grima se non sabías o que estabas a tocar e demais cousas.

Xa estamos nos barracóns, e, como de costume, debemos estar en silencio e durmir. Hoxe foi un día cansado, así que quedámonos a durmir sen maiores problemas nin moitas ganas de leria...



MÉRCORES, 7 DE MAIO

Xa se converteu nunha rutina, soa a música, os monitores pegan tres berros e debemos espertar; a verdade é que non hai mellor forma para comezar un novo día....

Hoxe fixemos un percorrido pola ría en catamarán e aínda que para a maioría non era a primeira vez, estivo bastante ben.

Por mágoa, o tempo aínda non nos acompaña (esperemos que nestes días que nos faltan para marchar xa si) e non podemos ir á praia, e por iso esta tarde quedamos no albergue facendo actividades e xogos para pasar dalgún xeito o tempo. Primeiro, impártennos unha charla sobre reutilización; de seguido, temos un taller de manualidades onde cadaquén empregando material xa utilizado pode facer o

que queira, e xa para pasar o resto da tarde ata a hora das duchas e a cea, facemos distintos xogos.


Por outra banda, hoxe é o partido Madrir-Barça, e, aínda que a pedimento popular (redactada incluso) solicitamos ver o partido, non nos deixan; para moitos, é unha mágoa, pero para o noso consolo, podemos escoitalo ata a hora da velada pola radio. Hoxe, na velada de pola noite, tócanos demostrar toda a arte que levamos dentro: por grupos, unha vez máis, debemos inventar unha canción, un lema.. e interpretarala ante un estrito xurado que nos avalía; trátase da versión galega de “Tienes Talento” e, todo hai que dicilo, finalmente, gañamos os grupos dos “Paíños” e dos ”Patexos” (vitoria moi merecida por certo!).

Xa ás 00.30 aproximadamente, tiñamos que voltar aos barracons e durmir, ou polo menos intentalo, aínda que non todas o conseguimos. O resultado foi: dous móbiles requisados e unha compañeira fóra ao frío!

XOVES, 7 DE MAIO

Outro día máis, xa é o penúltimo aquí. Como é normal, levántanos ás 8.00 e, media hora máis tarde, debemos estar no comedor para almorzar.

Hoxe fomos ao centro de interpretación de Siradella, dende o cal puidemos coñecer o complexo intermareal Grove-Umia así como os miradoiros da ría de Arousa coas súas vistas. Despois da visita o dito parque, fomos á praia de San Vicente para a mostraxe do intermareal, a zona entre mareas; ¡Iso si que nos gustou!; a pesar dalgún que outro tropezón con molladura incluída, foi moi fermoso andar polas rochas na procura de ouri-





zos de mar, ofiuras, estreliñas de mar e demais animalíños mariños.

Pola tarde, tódolos grupos debemos preparar o que temos pensado facer para representar á noite diante do resto dos compañeiros, pois hoxe é a festa da despedida! Despois de ter todo xa preparado para a noite, fomos ao IGAFa, onde nos achegan ao mundo do cultivo mariño, ensínanos as instalacións e como é o funcionamento alí dentro.

Como de costume, ao chegar aos barracóns duchámonos, ceamos e temos a nosa última

velada alí. En xeral, tódalas actuacións estiveron ben, aínda que sempre hai excepcións....

Para rematar a noite, música e... ¡A bailar! É a 1.15 aproximadamente e xa rematou a festa. Unha vez nos barracóns, todos temos gañas de leria e de non durmir, pero Ana (a monitora) non quere escoitar nin un chío! Como é lóxico, armamos barullo e tras enfadar á monitora, cinco das sete que estabamos nunha mesma habitación tiveron que ir para fóra dos barracóns durante algún tempo; claro que, o que non sabían os monitores era que precisamente era iso o que máis desexabamos, que nos botaran fóra, pois do contrario, de seguro que non nos castigaban dese xeito.

VENRES, 8 DE MAIO

¡O noso último día aquí! Facemos o mesmo que fixemos ata o de agora. Toca a música, os monitores espértannos, aseámonos e a almorzar!

Desprazámonos para ir ao acuario do Grove, onde atopamos os distintos ecosistemas característicos do litoral galego, así como outras especies propias do Mediterráneo ou Augas Tropicais.

Chegamos xusto para a hora de comer, e tras a comida vemos unhas diapositivas con todas as nosas fotos durante as actividades que fomos desenvolvendo ao longo da semana, os monitores despídense de nós... é dicir, todos os rituais que se adoitan facer nestas situacións!


A verdade é que aínda que a primeira impresión non foi de todo boa (como xa dixen ao principio), o certo é que agora danos a todos un pouco de pena marchar: volver ao instituto, os exames... o que teño seguro é que nunca podemos facer caso das primeiras impresións, pois o certo é que agora, o que máis e o que menos, botaría aquí un par de días máis.

Á hora da despedida, a xente abrázase, algunhas rapazas do outro colexio choran... case ninguén quere marchar, pero iso é inevitable.

Acabamos de chegar á carballeira, baixamos do autobús e ao ver a cara dos nosos pais ou calquera outro familiar ou persoa coa que estamos a cotío, esquecémonos por completo de "Augamar", dos barracóns, das Sinas, dos monitores... non hai mellor cousa que voltar á casa!

Vou no coche, acábese a semana de tranquilidade, de vacacións, e, para moitos, a nosa primeira excursión de días durante este curso. Faise duro e non temos gañas, pero debemos voltar á normalidade!

Sara Castroagudín 1ºD





I Concurso de Microrrelatos BO-BO

Categoría A: Alumnado de ESO

1º premio: Luís Martín Agrelo Janza – 2ºα

Espírito Branquiazul

Ela levaba toda a súa vida na Arxentina e xamais vira a terra da súa xente. Aprendeu o galego, a lingua que sempre tivo na alma.

Os seus pais non tiveron moita sorte á hora de emigrar, no barco a nai colleu a tuberculose e o seu pai tivo que traballar de camareiro precariamente. A causa diso ela acumulaba débedas dos seus pais, e non puido cumprir o seu soño, voltar a Ribadavia.

Chegou un momento no que se obsesionou, percorría as rúas de Bos Aires buscando libros de literatura galega.

Este é un exemplo de espírito branquiazul.

2º Premio: Cristina Janza Barreira – 2ºβ

Ao chegar a noite.

Chámome Laura e encóntrome no hospital, estou enferma, teño cancro de pulmón. Pola noite, ás doce, sinto unha presenza e hoxe decidín plantarlle cara. Era a hora, estaba preparada e alí, diante da miña cama apareceu ela. Vestida de negro e cunha gadaña acercouse a min. Fixo un aceno e díxome que fose con ela. Non quería pero aceptei. A calor que me daban as sabas desapareceu, o medo desapareceu, o benestar chegou a min. Vin unha luz. Os recordos voaron mentres eu voaba cara á luz, que acabou cubríndome por completo.

3º Premio: Beltrán Álvarez Pérez – 4º de ESO

Eu chamaba por ela, mais ela nunca contestaba. Chameina un día e chameina outro e nunca oín resposta.


Un sabio díxome un día que por moito que eu chamara ela nunca contestaría, pois eu a rexeitara hai tempo e ela nunca volvería.

Volvín á miña casa pensando no sabio, ata que un día espertei sabendo que eu a botara cando me fixera maior. E mentres pensaba escoitei a porta e oín: "¿Onde estás? Volvín"

Alí estaba ela, radiante.

Boteime ós seus brazos e esvaeceu. Agora sei quen era, agora sei como se chama:

Ela é a Imaxinación.



Antía Formoso

Categoría B: Alumnado de Bacharelato

1º Premio: Lorena Gómez Marán – 2º Bacharelato C

Por ti... Por ti serei capaz de atravesar o mar para darche unha flor, serei capaz de converterme en sol para darche calor, serei capaz de ser amencer por verte despertar... Por ti serei capaz de desaparecer para volverte a atopar, serei capaz de ser o ben e tamén o mal. Serei capaz de dar a miña liberdade e perder a razón para entrar pola ventá do teu corazón. Por ti serei ladrón, tamén serei señor... Por ti serei o que queiras o día que me queiras.

Categoría C: Profesorado

1º premio: Ana Rial Aparicio

Os seus ollos reflectían os pensamentos, tamén os propios. As súas meniñas, como lenzos ausentes de cor, tinguíanse co verde da envexa, co gris da indiferenza, co amarelo da hipocrisía, co marrón da resignación, co azul da valentía, co laranxa da paixón... Mais o seu nariz, como vara de meigo, gustaba de ventar. o arrecendo a herba da esperanza, o arrecendo a mar do medo, o arrecendo a loureiro da decepción...

Ela, egoísta de seu, como sala de cine de vila interior, botou o peche da pantalla: mercou lentes escuros e acabou a función, por non ver, por non devolver!

2º Premio: Pedro Lamas Carral

PoS.O.S. no mar poS.O.S. de auga de pasado in fame

Arroás, remataba na cola nun esse...como escribir toda a pronuncia d-ese-ese! ssoaba coma escobillas nas mans de Max Roach, vento do cabo Prior, maracas de Machín, sal da terra, entra na miña, arroass que entra e sae, senxual cabalo de mar, cabalgando ondas do mar de Vigo... Un día vin escrito arroaz, soa a arroz, puré, letrina, letra cheirenta maldita-o, zzzzzz, moscón de merda, Max Roach tocando con peixe jazz, que ven de jassmine, per-fume de sexo, liberdade que teño para nadar e susurrar nas verd-augas arroasss, ondas do Mar de Vigo, se vistes meu amigo,... eu s.o.s-piro.

3º Premio: Celia Morado Acuña

O neno lector

Xoán mergullouse de novo na lectura, o seu novo libro prometía proporcionarlle un deses momentos apaiñoantes que el vivía a través dos libros, unha fábrica de posibilidades abríase ante el - viaxes, aventuras, emocións...- todo iso contido nun formato pequeno cheo de palabras impresas pero que contiñan un verdadeiro tesouro.

Esta vez o relato era misterioso, recordou de súpeto que cando era máis pequeno e todos durmían na súa casa, el collía unha lanterna e lía na penumbra iluminada do seu cuarto, temeroso de que o descubriaran e lle berrasen, e pensou "un libro por un berro, que barato!"

I CONCURSO EN CAL DAS LETRAS

Categoría A: Alumnado de ESO


1º Premio: Elena Agrelo Janza 4º de ESO

Historias de medo

Con preguiza refregas os ollos ante a monitor do ordenador. Os pesadelos que antes enchían os teus soños xa non te axudan a atormentar as mentes dos teus ansiosos lectores. As palabras xa non queren saír cara ós teus relatos.



Ch.



Ana Cristina Feijoo

Desganado golpeas o teclado do ordenador mirando a páxina de Word en branco que resulta aínda máis deprimente que unha folla. O teu despacho está silandeiro salvo polo continuo repenique da choiva na ventá. Poste en pé e de súpeto desexas que houberse alguén máis aí contigo, pois a habitación, antes demasiado iluminada, está sumida nas tebras sen previo aviso. Ese feito fai que a túa respiración se reduza e que a túa capacidade auditiva aumente.

A túa mente lóxica di che que a escuridade non ten nada que ver cos teus monstros internos e todo que ver coa tormenta que continúa fóra na noite. Pero os sons que veñen do exterior fan sonar á túa mente lóxica como un murmuro: os lobos chamándose no vento; pode ser que se comuniquen para introducirse no teu fogar...o ru-xe-ru-xe do vento entre as ponlas do que tan orgullosos estaban os teus ancestros... a choiva que golpea os vidros da ventá; normalmente o seu son tranquilízate, pero hoxe altérate... os raios que aparecen de súpeto e de súpeto desaparecen; e na breve iluminación dun deles... unha faciana... inexplicablemente aterrada e mortalmente branca, fitándote con ollos desorbitados.

O grito atoase na túa gorxa e onde o medo faite perder o control, a túa mente racional recupera a súa forza e obrígate a pensar. Finalmente consigues comprender que a terrible imaxe probablemente es ti mesmo no espello e que os lobos tratan de protexerse da choiva.

A túa parte racional dítoche o que debes facer: prender o lume na cheminea, cubrirete coas mantas no sofá do teu despacho e esperar a que regrese a luz, ben sexa polo sol ou polo cese da tormenta. Gústache a choiva. Podes durmir moi a gusto escoitándoa. Os teus músculos deciden obedecer ao teu cerebro e achégaste á cheminea. A leña e todo o preciso para acender un lume están preparados de xeito que só tes que coller un misto e achegallo. Cando iso está feito a túa respiración volta á normalidade ante o morno e acolledor lume que crepita ante ti. Coa feble luz

Antía Formoso



ves as mantas coidadosamente dobradas sobre o sofá, e sen pensalo moito acubillaste entre elas, encolléndote e murmurando que esa nova historia terrorífica pode esperar ata mañá.

Adurmiñado pola calor e a comodidade, unha voz comeza murmurar no teu oído unha historia que non lle pediras ao teu cerebro. Decátaste de que a voz non procede da túa mente senón do exterior e intuitivamente sacas a cabeza das túas protectoras mantas... só para descubrir, aínda mirándote con eses ollos desorbitados, propios dalgunha das túas perso-

naxes... que o teu despacho non ten espellos.

2º Premio: Beltrán Álvarez Pérez 4º ESO

“Os cerros de Úbeda”

Aínda me acordo de aquel día, aquel exame do que eu e meus pais estabamos tan orgullosos... ata o día no que dixeron os resultados. Recordo aquel número tan delgado (“debería engordar un pouco, un cero á dereita sentaríalle que ni pintado”, penso) escrito en cor vermella sangue (“sangue a miña, cando llo conte ós meus pais”), acompañado por aquela nota escrita por unha man cruel e insensible: “Vese que sabes o nome dos conceptos pero o problema deste exame é saber o que son e para que serven. E se digo que me desenvolvedes un tema, desenvolve só o que che pido, non vaias polos cerros de Úbeda”.

Aquela expresión deixoume aquelado: ¿a que viñan os cerros de Úbeda, se eu tiña que falar sobre o Quattrocento? Así que

para demostrarlle á profesora que si sabía desenvolver un tema, decidín demostrarlle o seu erro explicándolle o mal utilizada que estaba esa frase.

Para comezar busquei nunha enciclopedia Úbeda, do cal me dicía: "Úbeda: municipio español situado na provincia de Jaén, na comunidade autónoma de Andalucía", o cal me provocou máis interrogantes: ¿a que vén un lugar de Andalucía se eu lle falaba de Italia? Dende logo, se deixara de pensar en Miguel Anxo ("seguro que é o seu amante") e viaxara máis por España...

Segundo a enciclopedia aséntase sobre outeiros, ou sexa así, cerros. Ben, algo correcto nesa frase. Así que con esta información expúxenlle o seu erro, ó cal ela me contestou: -Primeiro aprende quen foi Filippo Brunelleschi, o deseñador da cúpula da catedral de Florencia, non Carlo Broschi. Logo virás á recuperación, e se a aprobas, ti e máis eu imos ter unha longa charla sobre os cerros de Úbeda- dixo

Tras falar con ela díxenme estrañado: ¿A que veu todo iso sobre Florencia se eu faleille de Úbeda? E así díxenllo a miña nai, que non sabía nada, porque me dixo: "Ti estuda máis e aproba o exame, que como me volvas a traer outro suspenso voute mandar ós cerros de Úbeda dunha labazada".

E aquí estou, estudando, para aprobar o maldito exame. Pero pola miña cabeza aínda rolda unha pregunta: ¿Que teñen que ver os cerros con Florencia?

3º Premio: Cristina García Mella 1º Alfa

"O Soño de María"

Mariña era unha nena de once anos, que vivía en América, pero ela era galega; só que os seus pais tiveron que emigrar e levárona con eles. Eles falaban galego, aínda que estivesen noutro país,

Antía Formoso





Cristina García



porque trasladáranse a unha zona na que vivían soamente galegos. Pois a esta nena, gustáballe moito coñecer novas culturas, ademais das que xa coñecía, como por exemplo: a israelí, a chinesa, etc.

Un día, púxose a ler un libro de culturas do mundo, e encontrou un apartado dunha cultura que xa coñecía, pero non ben de todo, porque observaba feitos que lles ocorrían a esa xente, e ela desgustábase moito. Nunca pensara que a cultura africana fose tan discriminante, ruín, e sobre todo, moi moi pobre.

Interesouse moito por ela, e púxose a investigala. Un día compraba un libro no que aparecese a forma de vestirse, outro día, un no que aparecese a maneira e os costumes da forma de comer... e así durante moito tempo, ela estaba moi interesada naquela cultura.

Xa pasaran sete anos, e Mariña seguía estudando a fondo aquilo que tanto lle chamaba a atención. Como era de supoñer, nos estudos, e sobre todo, en cultura, fóralle de marabilla.

Tamén lle gustaba moito ver a televisión, e sobre todo, os documentais, e entón, ela ía observando que moitas organizacións axudábanlle a esta xente pobre, e gustáballe moito iso. Gustáballe tanto, que como ela xa era maior de idade, púxose mans á obra e fundou unha organización chamada OMA (Organización Mariña Axuando), pero soamente ía a África, e dende aquela vaille moi, moi ben e ela está superfeliz.

CATEGORÍA B: Alumnado de Bacharelato

1º Premio: Lorena Gómez Marán – 2º Bacharelato C

“Final feliz”


-...

-Non digas parvadas. El non quería que iso pasara. Sabía que estabas a punto de nacer. Estaba todo emocionado coa túa chegada. Tiña por seguro que nuns días podería xogar contigo e comezar a contarche todas as súas aventuras; esas de cando el era mozo. Tenmas contado miles de veces e encantábame escoitalo, eran moi divertidas e interesantes. Desexaba tanto terte nos seus brazos...! Non o dubides nunca!

Tiña 10 anos cando a miña avoa Rosa me dixo estas palabras. Aínda era unha nena, pero intentaba comprender o que ela me dicía como se xa fose unha “muller”. Sen embargo, teño que admitir que esa “muller” non deixaba de ser unha nena e non conseguiu dar creto, naquel intre, a aquelas palabras que a súa avoa lle dixera. O porqué desa resposta negativa non o sei. Supoño que aos 10 anos só pensaba en divertirme, como o resto dos nenos.

Penso que querer entender por que aquilo sucedera antes de nacer eu, era algo moi difícil para a miña idade. Pero co paso do tempo comecei a madurar (ou iso penso) obrigada pola idade, as probas que a vida me ía impondo, etc.

O día 3 de decembro meus pais estaban de aniversario de voda. Decidiron celebrar que levaban 14 anos casados. Entón, colleron o coche e emprenderon a



Ch.

viaxe cara a Asturias. Alí pasarían uns días xuntos e ademais visitarían uns familiares. Chamábanme todos os días pola noite para desexarme uns felices soños e dicirme que me compraran moitos agasallos e que xa me botaban de menos. Eu tiña moita gana de velos.

O cuarto día que me chamaron, dixéronme que ao día seguinte, pola mañá cedo, emprenderían a viaxe de volta. Ademais, seica me tiñan unha boa nova que á miña avoa xa lle dixeran; prometéranme que me faría moita ilusión. Intentei que miña avoa me confesara que era, pero non houbo maneira. Entón, pasei toda a noite cavilando en que podería ser, pero non se me ocorría nada.


A mañá cedo marchei cara ó colexio, como todos os días. Os segundos parecíanme minutos e estes horas interminables... Non me daba chegado a hora na que puidera darlle unha aperta a meus pais e abrir todos os agasallos e por suposto... coñecer a boa nova.

Cando soou a campá de saída, subín ao autobús rapidamente, para chegar á casa canto antes. Porén, cando cheguei non entendía nada. Miña avoa estábame esperando na porta da casa. En canto me viu, deume unha aperta e comezáronlle a caer as bágoas. Ela preguntábame seguido: "por que?, por que?...E eu dicíalle: "por que o que avoa?. Pero ela só dicía: por que?, por que?... Entón pregunteille por meus pais e aínda se puxo a chorar con máis intensidade... Estivo así un bo anaco de tempo, ata que se decidiu a contarme o porqué daquelas bágoas:

-Mira, é moi difícil para min dicirche isto, pero coa idade que tes, tes que comezar a afrontar os problemas que a vida nos pon. Non todo neste mundo son alegrías e debes saber como comportarte ante certas situacións. Ser



Antía Formoso



Ch.

forte é algo indispensable, entendido?-Si avoa si, pero agora quero ver a papá e mamá. Onde están?

-Non están...nin van poder estar hoxe aquí contigo.

-E logo van quedar un día máis na casa dos tíos?

-Non se trata diso.

-E logo de que?Dimoxa!

-Papá e mamá tiveron un accidente no coche cando viñan por Mondoñedo. Un camión a moita velocidade botounos fóra da calzada...

-Non sigas. Quero sa-

ber onde están. Foron ao médico?

-Escóitame: os médicos non puideron facer nada para que volvan á casa...e eles van facer unha viaxe que non ten regreso.Pero eu sei que ti es moi forte e que...


-E que nada avoa. Eu quería velos e polo visto eles a min non. Seguro que o accidente foi á mantenta. Esta era a boa nova que me tiñan, non?

-Non digas iso! Non querían a ninguén ou que? Eu tampouco os vou volver ver, pero sei que dende o ceo estarán coidando de nós. A vida é así e ninguén sabe cando será o momento non que faga esa viaxe...tes que entendela así.

-Vale.Xa non digo nada e xa está.

A conversa rematou así. Non quería saber nada de nada nin de ninguén. Marchei cara o cuarto e pecheime nel. Precisaba estar soa e poder pensar en todo. Non entendía por que me tivera que pasar a min aquilo. Que fixera eu mal?

Pola noite decidín saír do cuarto. Na casa había moita xente. Todos me miraban con cara de mágoa; xa sabía que o que estaba pasando non era bo, pero tampouco facía falta que me miraran así. Aquel día fíxoseme eterno, pero xuraría que o día seguín-



te, aínda o foi máis. Deprimíame tanta xente vestida de negro que choraba e me daba apertas...

Ao rematar aqueles intensos días, que preferiría non lembrar, intentei seguir facendo a miña vida normal. Pero o intento non bastaba...aínda así o tempo comezou a pasar rapidamente, sen a posibilidade de deter o seu paso.

Entón chegou o 14 de agosto, día no que eu ía cumprir xa 17 anos. Comecei a saír coas amigas aos sábados e a coñecer xente nova. Debido a que agora tiña máis liberdade

que nunca, comecei a sentirme máis madura. Comprendín que tiña unhas responsabilidades e unhas obrigacións ás que non podía fallar. Axudáballe á miña avoa na casa todo o que podía, aínda que tamén precisaba moito tempo para estudar. Queríaa moito, pero sabía que algún día ela tamén me deixaría soa; prefería non pensar niso. Agora xa "entendía" como ocorrera o de meus pais, pero críame máis madura do que realmente era, xa que a vida aínda me tiña preparados uns cantos golpes máis.

Un sábado pola noite, cando estaba na discoteca, un mozo acercóuseme. Puxémonos a bailar. Logo tomamos algo xuntos e ofreceuse a acompañarme á casa. Sen saber por que, aceptei aquela proposta. El chamábase Marcos, tiña 18 anos e era moi guapo. Caérame ben, parecía ser un bo mozo.

Cando estabamos atravesando a praza da vila, uns mozos acercáronse. Agarraron a Marcos bruscamente e a min comezaron

a darme bicos e a tocarme, sen poder facer eu nada por impedilo. Marcos gritaba para que me soltaran, pero os mozos quitaron un coitelo e el tivo que calar, obrigado pola situación. Por sorte, apareceron uns gardas civís e os mozos escaparon, aínda que os gardas perseguíronos e atrapáronos, podendo así identificalos. Ademais, tiveron que detelos por consumo de substancias ilegais.

Marcos estaba ben. Aqueles cabróns non lle fixeran dano... e a min tampouco, aínda que non me gustara nada que me tocaran así. Ao chegar á casa xa era tarde e miña avoa estábame esperando porque estaba angustiada. Decidín contarlle todo o ocorrido e presentarlle a Marcos. Logo el marchou e miña avoa díxome que lle apetecía contarme certas cousas das que me debería ter decatado hai moito tempo.

-Xa estás feita unha muller e xa entendes algo da vida, non todo, fáltache moito por aprender...Agora penso que xa entendes que teus pais non morreron porque non te quixeran senón porque alguén que nace ten que saber que algún día vai morrer, sexa antes ou despois.

-Si, creo que máis ou menos o entendo, pero por que lle tivo que pasar a eles? E ao avó? Porque tamén el tivo que falecer xusto antes de nacer eu?



-Pois pasoulle a eles, ao igual que lle podería pasar a outras persoas. Algún día tíñalles que tocar, dun xeito ou doutro...ao igual que un día me tocará a min. E do avó dicirche que o seu tractor enforcou cando el estaba traballando na leira. A súa




Antía Formoso



Ch.



Ch.



Molta xente
quere falarlo,
moita xente
quere escribilo
pero só os
galegos, se-
remos os
primeiros

Non te rias
do galego,
fálac sem-
pre, moi
contento

O galego con
logo cores,
esta sempre
nos
amores

Sempre o
criticamos,
nunca o fala-
mos, agora é
permoso,
fálalo todo
o ano

En gale-
go é máis
fácil expre-
sarse, por
que non é
agraciable

Galego,
Galeguino,
máis fálade,
máis nquno

O galego
é fermoso,
e tamén
poderoso

O galego
no ceo
con estre-
las máis
esplendido

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

AQUIS
fala

IES AQUISCELENIS



<http://centros.edu.xunta.es/iesaquiscelenis>